



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG) PARA GARANTIR UNHA ATENCIÓN INTEGRAL ÁS MULLERES XORDAS QUE SOFRAN VIOLENCIA DE XÉNERO, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, é o órgano da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

A violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos. A súa prevención e erradicación compete aos poderes públicos, que teñen a obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

Tendo en conta que as necesidades específicas das nenas e mulleres con discapacidade non están suficientemente cubertas, é preciso articular as ferramentas axeitadas para a defensa dos dereitos das mulleres con discapacidade, de cara a súa plena integración e participación en todos os ámbitos da sociedade.

(2) Antecedentes:

Que a entidade Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia conta cun Servizo de Intérpretes e Guías-Intérpretes de Lingua de Signos e cun Servizo Especializado de Atención a Persoas Xordas, distribuídos en 6 Axencias FAXPG ubicadas nas principais cidades de Galicia, así como cun servizo de formación.

(3) **Finalidade** Para os efectos sinalados, con data 8 de abril de 2020 formalizouse coa entidade Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.





(4) O convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia e Administracións Públicas, a través da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia para garantir unha atención integral ás mulleres xordas que sofren violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

(5) O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

As medidas 197 e 198 do Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero recollen a necesidade de garantir a plena accesibilidade en lingua de signos das persoas xordas usuarias desta lingua ao 112, o 062, o 091, e todos aqueles teléfonos públicos a disposición da cidadanía a través do servizo de videointerpretación á lingua de signos SVisual, así como a garantía dun acordo coas Comunidades Autónomas, para a presenza de intérpretes de lingua de signos, así como de mediadoras especializadas na atención a persoas xordas durante todas as fases do proceso de saída da violencia.

A entidade Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia ven traballando dende a súa fundación no desenvolvemento en accións que melloren a situación e a calidade de vida das persoas xordas, ante as Administracións e a sociedade en xeral e esixindo, como prioritario, o dereito a expresarse na súa propia lingua, a Lingua de Signos Española, e o acceso á información e a formación a través da mesma e conta cun Servizo de Intérpretes e Guías-Intérpretes de Lingua de Signos e cun Servicio Especializado de Atención a Persoas Xordas, distribuídos en 6 Axencias FAXPG ubicadas nas principais cidades de Galicia, así como cun servizo de formación.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectúase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepción do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de violencia de xénero e para as e os menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, e aos homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar unha atención personalizada e especializada a través de profesionais con formación específica que, de xeito gratuíto para as





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
<http://igualdade.xunta.es/>



persoas usuarias destes programas, realizarán un diagnóstico da situación e a terapia máis axeitada a cada caso.

(6) Aplicacións orzamentarias: 05.11.313D.481.2

Contía total: 20.000 €

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López de Abella



Xacobeo 2021

